



CALENDARIO DA XVI ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

[En vermello. Calendario elaboración censo]

[En azul. Calendario elaboración textos]

[En verde. Calendario elección órganos e cargos]

17 de decembro de 2016

Consello Nacional

Aprobación do calendario e do proceso de elaboración do relatorio, tomando como base as conclusións do Proceso Adiante.

18 de decembro de 2016

Data límite de alta no BNG para participar con plenos dereitos na Asemblea Nacional (2 meses antes da convocatoria, segundo art. 3.4 dos Estatutos).

19 de decembro de 2016

Envío electrónico dunha comunicación á militancia informando do calendario e a previsión de datas de convocatoria e celebración da Asemblea Nacional.

20 de decembro de 2016

Constitución da comisión redactora dos relatorios da Asemblea Nacional.

Até 4 de febreiro de 2017

Realización dos traballos da comisión redactora dos relatorios da Asemblea Nacional

6 de febreiro

Traslado ao Consello Nacional dos textos elaborados pola comisión redactora. Distribución entre os seus membros para a presentación de emendas.

14 a 17 de febreiro

Valoración e ditame, por parte da comisión redactora, das emendas presentadas aos textos polos membros do Consello Nacional.

18 de febreiro de 2017

Consello Nacional

Convocatoria da Asemblea Nacional.

Aprobación do Regulamento da Asemblea Nacional.

Aprobación dos relatorios da Asemblea Nacional (en base ao ditame presentado pola comisión redactora).

20 de febreiro de 2017

Envío electrónico dunha comunicación á militancia informando da convocatoria formal e do proceso de participación

20 de febreiro ao 13 de marzo de 2017

Prazo de inscrición de militantes e simpatizantes para participaren na Asemblea Nacional, por motivos organizativos e loxísticos.

20 a 24 de febreiro de 2017

Envío ás comarcas das relacións provisionais de militantes con plenos dereitos. [Alta anterior ao 18 de decembro de 2016 e cotas ordinarias actualizadas –o último recibo que se emitirá a efectos de actualización de cotas ordinarias será o de xaneiro de 2017].

Comunicación por correo electrónico á militancia sen plenos dereitos.

20 de febreiro de 2017

Envío electrónico dos relatorios e do Regulamento da Asemblea Nacional ás comarcas e á militancia.

21 de febreiro ao 11 de marzo de 2017

Asembleas comarcais

Debate e emendas aos relatorios e ao Regulamento da Asemblea Nacional.

27 de febreiro ao 6 de marzo de 2017

Posta a disposición da militancia do censo de militantes nas sedes comarcais. Período de reclamacións ao censo e de actualización de cotas.

8 de marzo de 2017

Traslado de modificacións á Sede Nacional desde as comarcas.

10 de marzo de 2017

Peche do Censo Nacional definitivo e envío ás comarcas do mesmo.

13 de marzo de 2017

Remate do prazo comarcal para comunicar as emendas aprobadas nas asembleas comarcais.

18 de marzo de 2017

Consello Nacional

Ditame das emendas comarcais aos relatorios da Asemblea Nacional.

Aprobación de proposta de Orde do Día.

Designación de secretarios/as, moderadores/as e relatores en Pleno.

20 de marzo de 2017

19 h. Prazo límite de presentación de candidaturas ao Consello Nacional.

21 de marzo de 2017

Envío electrónico das emendas ditaminadas á militancia.

25 e 26 de marzo de 2017

XVI ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

10 h (día 26) Remate prazo alteracións ou subsanación de erros nas candidaturas presentadas ao Consello Nacional.

1 ao 15 de abril

Prazo para a renovación total do Consello Nacional e a elección dos consellos comarcais e locais.

22 de abril

Reunión constitutiva do novo Consello Nacional do BNG.